

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ORDENA A RETROACCIÓN DO PROCEDEMENTO DO CONCURSO DE MÉRITOS **NÚMERO 16/5018**, PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución **Dedicación:** Parcial (P05)
Área de coñecemento: Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Departamento: Filosofía e Métodos de Investigación en Educación
Docencia: 652G03023 Métodos de avaliación de programas e servizos socio educativos; 652G03039 Avaliación e diagnóstico de necesidades socio educativas; 652G03027 Practicum I
Centro: Facultade de CC. da Educación

FEITOS.

1.- Con data 13 de xaneiro de 2017, a Comisión de selección da praza número 16/5018, logo dos trámites correspondentes, formulou a súa proposta de adxudicación da praza, publicándoa, de conformidade coa base 7ª da convocatoria, no taboleiro de anuncios do centro xunto coa acta de puntuacións, así como na páxina web da UDC, abrindo un prazo de cinco días hábiles aos candidatos a efectos da presentación de reclamacións contra a mencionada proposta. Dentro do dito prazo, o día 17 de xaneiro, unha das persoas aspirantes á praza presentou unha reclamación.

2.- O presidente da Comisión de selección remitiu á reitoría a documentación da praza xunto co preceptivo informe (do 26 de xaneiro) á reclamación formulada, para o seu traslado á Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da UDC.

3.- Recibida a documentación do expediente, o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, presidente da Comisión de Reclamacións, non entendendo suficientemente pormenorizado o informe da Comisión de selección á reclamación presentada, solicitou a esta a súa ampliación, ao tempo que inquiriu á mesma respecto á existencia dun erro manifesto no cálculo das puntuacións outorgadas no apartado III.1 do baremo de valoración.

4.- Con datas do 9 e 14 de febreiro a Comisión de selección emitiu dous novos informes, o segundo dos cales confirmaba a existencia dun erro patente ou groseiro no cálculo das puntuacións no cálculo das puntuacións outorgadas no apartado III.1 do baremo de valoración.

Á vista da existencia dun erro patente, manifesto ou groseiro no cálculo das puntuacións outorgadas no apartado III.1 do baremo de valoración dos méritos para a selección dos candidatos, e en virtude do disposto no artigo 48 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

RESOLVO

1º.- Ordenar a retroacción do procedemento do concurso de méritos número 16/5018, para a cobertura da praza de PDI contratado laboral descrita no encabezamento desta resolución, convocado por resolución reitoral do 27 de outubro de 2016, ao momento anterior á realización da valoración das instancias presentadas, quedando sen efecto todas as posteriores actuacións.

2º.- Devolver a documentación do expediente da praza ao presidente da comisión de selección, co fin de que esta volva a valorar os méritos de todas as persoas candidatas e, tras esta se continúe o procedemento polos seu trámites ordinarios de conformidade á normativa de aplicación ao concurso.



3º.- Publicar esta resolución no taboleiro electrónico desta universidade.

Contra esta resolución non cabe a interposición de recurso ningún, sen prexuízo de que os interesados poidan facer valer o que estimen oportuno respecto á mesma nos recursos que contra a resolución que poña fin ao procedemento concursal se oferten.

A Coruña, 13 de marzo de 2017

O reitor

P.D. (R.R. 12-01-2016)

O vicerreitor de Profesorado e
Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal